



Concello de Cangas

**Expediente núm.:** 2610/2018\_X-18/07

**Procedemento:** PO 165/2018 contra a celebración do proceso participativo a celebrar o 27 de maio de 2018 para a determinación dos festivos locais.

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Recibido en data 24.05.2018 Auto emitido polo Xulgado Contencioso-administrativo núm. 2 de Pontevedra polo que se resolve acceder á medida cautelar solicitada pola Avogacía do Estado de suspensión das actuacións relativas á celebración do proceso participativo convocado polo Concello de Cangas para a determinación dos festivos locais, a celebrar o vindeiro día 27 de maio de 2018.

Visto que a parte dispositiva do sinalado auto require ao Concello de Cangas para que se absteña de realizar as actuacións programadas para o 27 de maio e paralice os trámites do proceso.

Tomando en consideración o anteriormente exposto e en exercicio das competencias que lle outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1 letras b) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Paralizar na súa totalidade o proceso participativo de elección de festivos locais que se está a tramitar polo Concello de Cangas, suspendendo a consulta convocada para o vindeiro día 27 de maio de 2018, en cumprimento do Auto de 24.05.2018 emitido polo Xulgado Contencioso-administrativo núm. 2 de Pontevedra no marco do Procedemento Ordinario 165/2018.

**Segundo.-** Deixar sen efecto calquera tipo de actuación relativa ao proceso participativo de elección de festivos locais do Concello de Cangas.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ao Concelleiro de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo e publicar a mesma na páxina web do Concello para o xeral coñecemento da veciñanza.

**Cuarto.-** Que o Concello se persoe no citado procedemento e designar en representación e defensa dos intereses municipais aos letrados integrados na UTE “BUFETE ROIBAS ABOGADOS, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DO 26 DE MAIO”, adxudicataria do contrato administrativo de “Servizo asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo do Concello de Cangas”, segundo acordo da Xunta de Goberno municipal de 22 de xaneiro de 2018.

**Quinto.-** Comuníquese a presente designación aos letrados mencionados, a quen se lle facilitarán cantos antecedentes e documentos sexan necesarios para os fins indicados.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850